Nº 11 Tempada 17/18
EXEMPLAR GRATUITO

DEPUTACIÓN DE LUGO
A DEPUTACIÓN DE LUGO CO DEPORTE
DDDDDD
CANDELAS

FOGAR DO BREOGÁN

En pé dende 1966

Póster no interior

CIta no Pazo co «decano» da LEB

DEPORTE GALEGO · GALICIA SAUDABLE · Concello de Lugo · HYUNDAI DITRAMOTOR · CAIXA RURAL GALEGA · polusa · Estrella Galicia · CANDELAS · hummel

O rival

10 PABLO ALMAZAN SIERRA
Alero
15/01/1989 Granada (Granada)
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 200 cm

7 FILIP DJURAN
Alero
04/07/1991
Nacionalidad: SERBIA
Altura: 196 cm

6 EDUARDO DURAN RUIZ
Escolta
01/05/1991 Madrid (Madrid)
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 195 cm

31 MASSINE FALL
Pívot
01/01/1993
Nacionalidad: SENEGAL
Altura: 208 cm

35 FRANCISCO JAVIER GUERRA TRUJILLO
Pívot
23/12/1992 Palmas de Gran Canaria, Las (Las Palmas)
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 212 cm

5 DIEGO KAPELAN
Escolta
08/07/1987
Nacionalidad: BOSNIA-HERZERGOVINA
Altura: 198 cm

22 JAVIER LUCAS BLASCO
Ala pívot
22/05/1987
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 208 cm

9 DANIEL RODRIGUEZ GARCIA
Base
13/02/1984
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 182 cm

21 JUAN RUBIO NIÑIROLA
Alero
17/11/1995 Murcia (Murcia)
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 198 cm
Peso: - Kg

4 MAMADOU SAMB MBAYE
Ala pívot
31/12/1989
Nacionalidad: ESPAÑA
Altura: 208 cm

13 MIGUEL SERVERA RODRIGUEZ
Base
14/07/1992 Palma de Mallorca (Illes Balears)
Nacionalidad: ESPAÑA

Entrenador
ALEJANDRO ALCOBA CONDE
05/05/1979

- Equipo completo que habitualmente xoga a ritmo lento e a marcadores baixos.
- Buscan constantemente xogo interior con Fran Guerra.
- En caso de dominio de rebote teñen capacidade de sair rápido á contra sobre todo con Dani Rodríguez e Almazán.
- Contan cun potencial ofensivo moi grande. Dani Rodíguez e Fran Guerra son dous homes clave.

Lugo cambia

DEPUTACIÓN DE LUGO

12 etapas

Dunha viaxe apaixonante

CAFES CANDELAS BREOGAN — **17/02/2018** 19:15h — CLUB MELILLA BALONCESTO

TAU CASTELLO — **23/02/2018** 20:45h — CAFES CANDELAS BREOGAN

CAFES CANDELAS BREOGAN — **04/03/2018** 18:00h — CHOCOLATES TRAPA PALENCIA

ICL MANRESA — **11/03/2018** 19:00h — CAFES CANDELAS BREOGAN

CAFES CANDELAS BREOGAN — **16/03/2018** 20:45h — FUTBOL CLUB BARCELONA LASSA

IBEROSTAR PALMA — **20/03/2018** 20:30h — CAFES CANDELAS BREOGAN

CAFES CANDELAS BREOGAN — **25/03/2018** 18:00h — LEVITEC HUESCA

CAFES CANDELAS BREOGAN — **01/04/2018** 18:00h — SÁENZ HORECA ARABERRI

CB. CLAVIJO — **06/04/2018** 20:45h — CAFES CANDELAS BREOGAN

CAFES CANDELAS BREOGAN — **14/04/2018** 19:15h — SAMMIC HOSTELERIA

LEYMA CORUÑA — **20/04/2018** 21:00h — CAFES CANDELAS BREOGAN

CAFES CANDELAS BREOGAN — **27/04/2018** 21:00h — UNION BALONCESTO OVIEDO

A Copa Princesa, unha homenaxe ao BALONCESTO

Na pista, pola loita dos protagonistas. Fora dela, pola paixón das afeccións. Unha cita memorable

O sábado 3 de febreiro de 2018 quedará na memoria por moitos motivos. A consecución da Copa Princesa por parte do Cafés Candelas Breogán foi so a guinda dunha semana para a lembranza.

Dous equipos que representan a dous clásicos deixárono todo na pista para honrar a este deporte e amosar a importancia de brindar un título aos seus. Fora da cancha, na grada, afeccionados de Breogán e de Manresa animaron de principio a fin. Antes do partido, seareiros vermellos e celestes compartiron mesa e mantel, falaron de baloncesto, das tradicións das súas cidades, das múltiples liñas que Lugo e Manresa teñen escrito na historia deste fantástico deporte.

As afeccións de un e outro equipo ataron lazos que so o deporte ben entendido sabe atar. Todos gozaron da «fanzone», do partido, da cidade, da final.

Uns celebraron a vitoria, outros sufriron unha derrota, pero todos, absolutamente todos, honraron o deporte e os valores que representa o baloncesto.

Os instantes finais da cita, co Pazo coreando “Manresa, Manresa”, e os seareiros cataláns coreando “Breogán, Breogán” simbolizan o mellor dunha xornada inesquecible.

Intercambio de bufandas, ánimos e felicitacións, respecto mutuo e desexo de que o baloncesto volva a xuntarnos en ocasións especiais coma esta.

Sexa quen sexa o vencedor, o baloncesto nunca perde cando se honra os seus valores.

Trattoria & Pizzeria
La Malafemmina
federópticos
Lukus

Cafés Candelas Breogán Campión Copa Princesa 2018

Unha xornada de convivencia

Por @AlberteLpz

A resaca copeira deixounos moito no deportivo, por suposto, pero tamén unha imaxe ben fermosa na grada; antes, durante e despois do partido.

Esta convivencia foi suxerida por Carles Jódar dende Radio Manresa, co cancelo #BreoManresa; iniciativa á que logo se sumaron afeccionados lucenses e manresanos. O propio Carles recoñece que chegou máis lonxe do que el imaxinaba.

Deste xeito máis de 50 afeccionados de ambos conxuntos compartiron mesa con produtos típicos da gastronomía lucense, compartiron cánticos e brindaron polo baloncesto, para unirse logo aos demais afeccionados nunha Fan Zone que foi todo un éxito de público e exemplo de comuñón entre afeccións. Alí agardaba a peña Embreogados, que celebrou o seu décimo aniversario, aos que tamén hai que felicitar por tan senlleiro acontecemento!

Quixeron ser testemuña de tal acontecemento diversos medios de comunicación que cubriron a información relativa a esta iniciativa, tomándoa como un exemplo e unha vitoria incontestable para o afeccionado.

Non puideron asistir, pese a ter moitas gañas, os membros da peña Sauki de Burgos, que non dubidaron en animar dende a distancia; pero si tivemos a presenza dun bo afeccionado palentino, amante do deporte da canastra.

Nesta convivencia, ambas afeccións atoparon moitos paralelismos entre un e outro club. Cidades non moi grandes, con moita tradición do deporte da canastra, acostumados a sufrir e pelexar, cun gran pasado e moi bos e grandes recordos, desexándose volver a vivir bos tempos, e emprazando os visitantes aos lucenses a visitar a capital do Bages, ademais de intercambiar cánticos de ánimo entre afeccións.

Dende Lugo xa pensamos en futuras xornadas de convivencia con outras afeccións, para demostrar que nosa fama de hospitalarios é máis que merecida.

Breves celestes
24 segundos

A princesa en Candelas

Trala consecución da Copa o equipo visitou as instalacións do patrocinador Cafés Candelas onde ofreceu o trunfo e compartiu o éxito deportivo. Alí o equipo ao completo gozou dun almorzo completo convidado pola empresa patrocinadora e, por suposto, todo acompañado do mellor café. Grazas por facer equipo!

As institucións felicitaron ao Breo

Ademais do patrocinador, en agradecemento ao apoio, o equipo levou a Copa ás institucións como un xeito simbólico de compartilo con tódolos cidadáns. Concello de Lugo, Deputación Provincial e delegación da Xunta formaron parte do percorrido.

Twitter, testemuña da Copa celebrada en Lugo

As 3.926 mencións á conta @CBBreogan, e as 889 á do Manresa, so durante as 24 horas do día da Copa, son so unha mostra do que foron as redes sociais con motivo do evento. Etiquetas como #BreoManresa, #aPrincesaenLugo ou #CopaPrincesaLEB acompañaron a milleiros de chíos durante a semana previa e os días posteriores. Lugo estivo ben presente no mapa baloncestístico e tamén nas redes. Twitter foi tamén testemuña do positivo ambiente entre afeccións e vehículo para as felicitacións chegadas de moitas partes do mundo ao equipo campión.

Lugo, Breo, e viceversa

Paseaches algunha vez polas nubes lucenses?

Hai uns anos case ninguén o probara... pero hoxe en día, en calquera lista do tipo "10 cousas que debes facer en Lugo" atopariamos xa unha das experiencias turísticas máis marabillosas e atractivas de Galicia: un paseo polas nubes lucenses, un paseo polos bimilenarios ceos da vella Lucus Augusti.

Non hai moito tempo que o Museo Diocesano lanzou esta iniciativa para dar a coñecer os tellados e torres da catedral... e de poder desfrutar das mellores vistas de toda a cidade.

O pasado 21 de decembro fomos un gran grupo de 50 persoas procedentes dun montón de países... e a sensación foi unánime: a de estar gozando dun dos solpores máis fermosos que viran antes os nosos ollos.

Se tedes unha visita, se queredes sacarlle un sorriso a alguén a quén queirades moito, se queredes presumir de Lugo... non o dubidedes: dade un paseo polas nubes lucenses. De martes a sábado, ás 12h00 e ás 17h00... mellor chamando e concertando a visita, xa que só se fan a partir dun número mínimo de cinco participantes. Chamade ó 982231038... non vos arrepentiredes!

GUIDO ÁLVAREZ PARGA @guidoalvarezp
Guía Oficial de Turismo de Galicia e axente de viaxes en Galicia Infinita

¿Tes algo que celebrar?
www.paprica.es